

O CONCELLO DE PORTO DO SON VAI DESENVOLVER NO MES DE ABRIL UNHA ACCIÓN FORMATIVA NO ÁMBITO DO COOPERATIVISMO.

Esta acción formativa, gratuíta e de 20 horas de duración, é puntuable para o baremo de marisqueo a pé (PERMEX).

O Concello de Porto do Son, como entidade adherida á Rede Eusumo, e a unión de cooperativas Espazocoop, poñen en marcha unha acción formativa no ámbito do cooperativismo que terá lugar os días 16, 18, 19 e 20 de abril en horario de 09.30h a 14.30h.

Baixo o título de “Por qué non traballamos en equipo?”, as persoas participantes traballarán aspectos como:

- Desenvolver as habilidades persoais claves no traballo colaborativo.
- Coñecer os recursos e metodoloxía que nos axudan a traballar e mellorar as habilidades sociais.
- Descubrir e aplicar as habilidades persoais nun contorno cooperativo.
- Etc.

Esta acción formativa, está dirixida a persoas con inquiredanzas e interese no traballo cooperativo, emprendedores e público interesado en xeral. Ademais, esta actividade está incluída no catálogo de formación puntuable para obter os PERMEX de marisqueo a pé (0,40 puntos).

Máis información e inscricións no Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son (Casa do Concello – 2º andar).

Porto do Son, 26 de marzo de 2018.